

P o e m a s

Claudio Rodríguez Fer



Traducción: Saturnino Valladares

MÁIS ALÁ DA SAUDADE

Eu, que tantos homes teño sido
BORGES

Porque de tantas vidas que tiven estou ausente
e son, á vez son aquel home que fun
NERUDA

Ti,
que tantos homes tes sido,
non fuches aínda aquel
que subiu comigo
ás montañas nevoentas,
onde está escrito:

«Eles virán.
Virán ergueitos
pola escura brétema
onde levita Galicia.
Os cabalos serán escintilantes.

MÁS ALLÁ DE LA AUDADE

Eu, que tantos homes teño sido
Yo, que tantos hombres he sido
BORGES

Porque de tantas vidas que tuve estoy ausente
y soy, a la vez soy aquel hombre que fui.
NERUDA

Tú,
que tantos hombres has sido,
no fuiste aún aquel
que subió conmigo
a las montañas neblinosas,
donde está escrito:

«Ellos vendrán.
Vendrán erguidos
por la oscura niebla
donde levita Galicia.
Los caballos serán centelleantes.

As botas altas e negras.
Azuis as olladas e as casacas;
as fustas, negras.
Traguerán un recendo a carballo,
unha fouce e unha bandeira vermella.
Baixarán pola gándara
namorando as doncelas.
Quizais veñan dous.
Os cabalos azuis.
Botas e esporas negras.
A bandeira, vermella.
Un tragnerá a fouce,
outro a esperada insignia.
Recitarán a Ossián,
enxoitarán as cepas,
falarán dos homes das pallozas vellas.
Baixarán pola gándara,
lostregante de cascos,
silandeira de estoicos guerreiros.
Non o esquezades.
Eles virán pola escura brétema.
Un será un cabaleiro,
tragnerá fouce de bronce,
e no porte mítico ollaredes
que descende de Breogán.
O outro será sereno,
tragnerá a verba
e virá co estandarte vermello.
Que a terra que pisen sexa firme,
o viño nobre e as mulleres propicias».

Mentres,
a min sucédeme o contrario
que a Pasolini con Gramsci:
estou contra ti na luz,
mais contigo nas escuras tebras.
E é que eu creo na lóxica das cousas,
pero non creo na lóxica.
Por iso fun tantos homes
como mulleres tiven.

E por se algunha vez nos atopásemos
lembra que eu subín ao cumio da montaña,
que ollei o abismo
e que baixei por ti.
Lembra
que estou agardando o día
en que serenes a túa verba,
liberes de novo o berro dos antigos
e digas que estás disposto a subir.
Entón deixáremolo todo,
queimaremos a última noite que nos queda,
e nos cabalos azuis

Las botas altas y negras.
Azules las miradas y las casacas;
las fustas, negras.
Traerán un aroma a roble,
una hoz y una bandera roja.
Bajarán por la gándara
enamorando a las doncellas.
Quizás vengan dos.
Los caballos azules.
Botas y espuelas negras.
La bandera, roja.
Uno traerá la hoz,
otro la esperada insignia.
Recitarán a Ossián,
secarán las cepas,
hablarán de los hombres de las pallozas viejas.
Bajarán por la gándara,
relampagueante de cascos,
silenciosa de estoicos guerreros.
No lo olvidéis.
Ellos vendrán por la oscura niebla.
Uno será un caballero,
traerá hoz de bronce,
y en el porte mítico veréis
que descende de Breogán.
El otro será sereno,
traerá la palabra
y vendrá con el estandarte rojo.
Que la tierra que pisen sea firme,
el vino noble y las mujeres propicias».

Mientras,
a mí me sucede lo contrario
que a Pasolini con Gramsci:
estoy contra ti en la luz,
pero contigo en las oscuras tinieblas.
Y es que yo creo en la lógica de las cosas,
pero no creo en la lógica.
Por eso fui tantos hombres
como mujeres tuve.

Y si alguna vez nos encontramos
recuerda que yo subí a la cumbre de la montaña,
que contemplé el abismo
y que bajé por ti.
Recuerda
que estoy esperando el día
en que serenes tu palabra,
liberes de nuevo el grito de los antiguos
y digas que estás dispuesto a subir.
Entonces lo dejaremos todo,
quemaremos la última noche que nos queda,
y en los caballos azules

subiremos ás montañas nevoentas,
traspasando a escura brétema
onde levita Galicia
e onde remata o noso labirinto.
Xuntos cazaremos todos os cervos pardos
e voltaremos cubertos por pelexos de lobo.
Despois nos perderemos nos cavorcos,
ceibando cadeas,
prendéndonos de femias cabeleiras,
ata consumir o ciclo,
alá,
onde non hai estado, nin deus, nin poder.

CANTIGA DO CERVO SOLITARIO

Porque non espero volver outra vez.
Porque non o espero,
porque non espero volver.
T. S. ELIOT

Que che sexan propicias como albas
as ondas que radiante emita a túa beleza
como un torrente de augardente de caña
ou unha tramontana de tabaco de paipa.

Que por todos os bosques perdidos que cruces precaria
exista polo menos un cervo solitario
e que o teu recendo a laúdes e mapoulas
atraia a súa saudade libertaria.

Que atopes sempre un cervo solitario
que te ame como só aman os cervos solitarios.
Que el te conduza inmune polo bosque salvaxe
e nos outeiros fraguentos e ocultos te ame.

Que xuntos sintades ao baixar das montañas
barcarolas nas ondas das praias
pastorelas tristes como serenas albas
e en romaxes e feiras vos distendan bailadas.

Que sempre esteas provista de ron e de viño
e que nunca falte alcol nos lumes que te habiten
nin chorimas que adornen a túa cabeleira de almisce
nin viaxes comunais por illas solitarias.

Que atopes acougo entre as avelaneiras
mentres zanfonas agoiran encontros saudosos
e esvaran esquíos polas carballeiras

subiremos a las montañas neblinosas,
traspasando la oscura niebla
donde levita Galicia
y donde acaba nuestro laberinto.
Juntos cazaremos todos los ciervos pardos
y volveremos cubiertos por pieles de lobo.
Después nos perderemos en las cárcavas,
liberando cadenas,
prendiéndonos de hembras cabelleras,
hasta consumir el ciclo,
allá,
donde no hay estado, ni dios, ni poder.

CANTIGA DEL CIERVO SOLITARIO

Porque no espero volver otra vez.
Porque no lo espero,
porque no espero volver.
T. S. ELIOT

Que te sean propicias como albas
las ondas que radiante emita tu belleza
como un torrente de aguardiente de caña
o una tramontana de tabaco de pipa.

Que por todos los bosques perdidos que cruces precaria
exista por lo menos un ciervo solitario
y que tu aroma a laúdes y amapolas
atraiga su saudade libertaria.

Que encuentres siempre un ciervo solitario
que te ame como solo aman los ciervos solitarios.
Que él te conduzca inmune por el bosque salvaje
y en las colinas agrestes y ocultas te ame.

Que juntos sintáis al bajar de las montañas
barcarolas en las olas de las playas
pastorelas tristes como serenas albas
y en romerías y ferias os serenen bailadas.

Que siempre estés provista de ron y de vino
y que nunca falte alcohol en las lumbres que te habiten
ni flores del tojo que adornen tu cabellera de almizcle
ni viajes comunales por islas solitarias.

Que encuentres sosiego entre los avellanos
mientras zanfoñas auspician encuentros saudosos
y resbalan ardillas por los robledales

ao ritmo procaz do teu corpo zumoso.

Que a terra agrome ceibe despois do combate.
Que os teus labios e seos e sexo e ventre
volvan a min eternamente en harmonía
de mapoulas
cervexa

laúdes
e augardente.

A NOITE AMURALLADA

O que hoxe sen casa está, xa non a funda
o que está só haberá de estalo moito;
velará, lerá, escribirá cartas,
e polas avenidas dos parques
devaneará inquedo, ao derivar as follas.
RILKE

Esluída ao par das nubes
pingándose na néboa
como unha masa inmóvil
que levita e acouga
vencida cada día polo peso da choiva
caída toda a noite.
A choiva e a muralla
e a perda do sentido
vagando pola tarde
cara á noite prometida polas árbores.

A noite lentamente repetida
a noite redonda da muralla
prolongada nos bairros e arrabaldes.

Inzándose de gatos
a noite nos envolve
por rúas desconxuntadas
e rotas no inverno de séculos
xeados polo olvido.

Pasa extático un longuíssimo sereno
tan lento como as nubes
fitando toda a noite
que leva nas olleiras
cos mouchos ollos negros.

E lento, lento, lento
como unha néboa en ondas
circulamos

al ritmo procaz de tu cuerpo zumoso.

Que la tierra brote libre después del combate.
Que tus labios y senos y sexo y vientre
vuelvan a mí eternamente en armonía
de amapolas
cerveza

laúdes
y aguardiente.

LA NOCHE AMURALLADA

El que hoy está sin casa, ya no la funda.
El que está solo habrá de estarlo mucho;
velará, leerá, escribirá cartas,
y por las avenidas de los parques
vagará inquieto, a la voluntad de las hojas.
RILKE

Diluida a la altura de las nubes
pingándose en la niebla
como una masa inmóvil
que levita y descansa
vencida cada día por el peso de la lluvia
caída toda la noche.
La lluvia y la muralla
y la pérdida del sentido
vagando por la tarde
hacia la noche prometida por los árboles.

La noche lentamente repetida
la noche redonda de la muralla
prolongada en los barrios y arrabales.

Propagando gatos
la noche nos envuelve
por calles desordenadas
y rutas en el invierno de siglos
helados por el olvido.

Pasa extático un larguíssimo sereno
tan lento como las nubes
avistando toda la noche
que lleva en las ojerás
con los mochuelos ojos negros.

Y lento, lento, lento
como una niebla en ondas
circulamos

ao paso das agullas
que pinas e redondas nos abrandan
e adormen.

Cruzado o limiar do bairro
e o remate de sombras e de pasos
xa non hai alumeado
como un cemiterio de neuronas
xacen os arrabaldes
suburbios do traballo e do cansazo
que escoitan as sereas
como un formigueiro ao descuberto
ou o simple despertar dun ser humano.

A muralla que nos cubre
é lúa coma un manto
mais xa non serve para albergar os arrabaldes.

(O límite da noite non existe
o último suburbio xa é solaina
do primeiro campo cantado polo galo).

CONXURO

Que os meus versos
te apreixen verba a verba
cal brazos que te abracen
como tigres de tenrura.

ALÉN

Cando
 nos abrazamos
 imos
a outromundo
 onde
nos abrazamos
 e marchamos
a un transmundo
 onde
nos abrazamos
 e onde quizais só
nos abrazamos.

QUINTANA

A pedra
 que te alberga

al paso de las agujas
que inclinadas y redondas nos ablandan
y adormecen.

Cruzado el umbral del barrio
y el remate de sombras y de pasos
ya no hay alumbrado
como un cementerio de neuronas
yacen los arrabales
suburbios del trabajo y del cansancio
que escuchan las sirenas
como un hormiguero al descuberto
o el simple despertar de un ser humano.

La muralla que nos cubre
es luna como un manto
aunque ya no sirve para albergar los arrabales.

(El límite de la noche no existe
el último suburbio ya es solana
del primero campo cantado por el gallo).

CONJURO

Que mis versos
te apresen verbo a verbo
cual brazos que te abracen
como tigres de ternura.

MÁS ALLÁ

Cuando
 nos abrazamos
 vamos
a otro mundo
 donde
nos abrazamos
 y marchamos
a un trasmundo
 donde
nos abrazamos
 y donde quizás sólo
nos abrazamos.

QUINTANA

La piedra
 que te alberga

vírase
 en oráculo
 e a mica
 o cuarzo
 o feldespató
 liberan o granito
 incontible orgasmo
 mineral como o estoupido do átomo.

NOITE DE AMOR NO CÁDAVO

a música calada,
 a soedade sonora
 JUAN DE LA CRUZ

Só se escoita
 o sonido dun silencio tan sonoro
 que se volve harmonía
 de música calada
 nesta noite de amor
 amada
 no Cádavo.

VISTA ALEGRE

Compostela amence hoxe en vista alegre
 e o meu corazón relouca como un rebezo de amor e di-
 namita
 e danme gañas de berrar ao verte tan espida
 que te quero independente como se foses Galicia.

SEMPRE EN SANTIAGO

Non choveu sobre vós
 nin deus nin nubes
 nin orballou cada noite
 a natureza:
 chovín eu
 e cubrinvos co meu manto
 lácteo e luminoso
 de palabras
 que Erato visitara cabalgando.

Por iso con amor
 sempre en Santiago
 esperto

se convierte
 en oráculo
 y la mica
 el cuarzo
 el feldespató
 liberan el granito
 incontenible orgasmo
 mineral como el estallido del átomo.

NOCHE DE AMOR EN EL CÁDAVO

a música calada,
 la música callada,
 la soledad sonora
 JUAN DE LA CRUZ

Solo se escucha
 el sonido de un silencio tan sonoro
 que se vuelve armonía
 de música callada
 en esta noche de amor
 amada
 en el Cádavo.

VISTA ALEGRE

Compostela amanece hoy en vista alegre
 y mi corazón enloquece como un rebelde de amor y di-
 namita
 y me dan ganas de gritar al verte tan desnuda
 que te quiero independiente como si fueses Galicia.

SIEMPRE EN SANTIAGO

No llovió sobre vosotros
 ni dios ni nubes
 ni lloviznó cada noche
 la naturaleza:
 lloví yo
 y os cubrí con mi manto
 lácteo y luminoso
 de palabras
 que Erato visitara cabalgando.

Por eso con amor
 siempre en Santiago
 despierto

en cada leito
acompañado
voltando en min a ser
líquido alustre
e volvo a amar sen fin
sempre en Santiago.

ESONO AMOR O AMANTE E MAIS O AMADO

Libertaria mazá froita da vida
séntote donda e doce no salaio:
ti es o azul en soño das esferas rotundas
que harmoniza a poesía coas camelias sensuais.

Eu quixera que forxásemos xuntos
un leito de mapoulas e violetas
fundando o noso tempo nas olladas
que descubren a muller que hai en Galicia.

Pétalo cada poro ti es mapoula
de fazulas vermellas e docísimo recendo
a mazás camoesas. Subversivo roibén
nace do sangue que nutre o teu mar en cabeleira
como xorde o alecrín na noite pecha.

Muller leda chorima ti es violeta
que quere medrar libre polos eidos
cal reloucan os bucles nos pubes e na testa.
Ti tingues de cor lila os meus anceios
chovidos en común patria nubenta.

Da túa nación de néboa que comparto
quedoume esta fondura verde e húmida
quedoume este silencio estas palabras
que hoxe che dirixo dende a brétema.

Hai verbas nesta lingua que agariman
como os teus ollos de améndoas e de vieira
verbas fluviais para un corpo de gacela
cuberto dunha pel de ondas senlleiras:
Galicia fala en nós como a tenrura.

Sinto bulir en ti froita mareira
a semente da vida en natureza
e son o pensamento cando amo
e son o sentimento cando escribo
e son o amor o amante e máis o amado.

en cada lecho
acompañado
volvendo en mí a ser
líquido relampagueante
y vuelvo a amar sin fin
siempre en Santiago.

Y SOY EL AMOR EL AMANTE Y TAMBIÉN EL AMADO

Libertaria manzana fruta de vida
te siento suave y dulce en el gemido:
tú eres el azul en sueño de las esferas rotundas
que armoniza la poesía con las camelias sensuales.

Yo quisiera que forjáramos juntos
un lecho de amapolas y violetas
fundando nuestro tiempo en las miradas
que descubren la mujer que hay en Galicia.

Pétalo cada poro tú eres amapola
de mejillas sonrosadas y dulcísimo aroma
a manzanas camuesas. Subversivo rubor
nace de la sangre que nutre tu mar en cabellera
como surge el alecrín en la noche cerrada.

Mujer alegre flor de tojo tú eres violeta
que quiere crecer libre por las eras
como enloquecen los bucles en los pubis y en la cabeza.
Tú tiñes de color lila mis anhelos
llovidos en común patria nubosa.

De tu nación de niebla que comparto
me quedó esta hondura verde y húmeda
me quedó este silencio estas palabras
que hoy te dirijo desde la niebla.

Hay palabras en esta lengua que acarician
como tus ojos de almendra y de vieira
palabras fluviales para un cuerpo de gacela
cubierto de una piel de olas singulares:
Galicia habla en nosotros como la ternura.

Siento surgir en ti fruta marera
la simiente de la vida en naturaleza
y soy el pensamiento cuando amo
y soy el sentimiento cuando escribo
y soy el amor el amante y también el amado.
e son o amor o amante e máis o amado.

EOSANEISENSORTELLA DASMAREIRASCASTREXAS

O castro fecundado pola choiva de lique
agroma doces musgos sobre as pedras circulares
e vellos espectros vidrados de célticos aneis
concéntranse sen número polos leitos da herba.

Meu amor acervado neste tobo violeta
relouca como a seiva pola flor do couselo
e a folla de carne. Rotativas hortensias
recenden entregues e dividen o peito.

Quefir humidísimo e lácteo zúgame e succiona
ata deixarme dentro. Pero todo dá voltas
e volvo mollado polas ondas fluviais
e os aneis en sortella das mareiras castrexas.

A VIAXE

Hai nomes que agariman como oseira
compartir compostela ten o engado
de se saber por sempre secular na pedra
fistera nunca é unha fin senón principio vento
que leva a toxosoutos ou ao pindo a néboa
o mar o val o monte o lugo antigo
son como os viños como as lerías
como aquela romaxe a san andrés de teixido
en migallas de pan.

Común viaxar é ser na nosa terra
onde medra o alén antes que o millo.

A BOCA VIOLETA

A túa boca violeta boreal e venérea
levita polo cosmos inmensamente aberta
manando levemente lava rosa
na hora horizontal das cavernas da carne.

A túa boca violeta é de ferro fundido
ten o fulgor da obsidiana no van das amazonas
e a impudicia polar das súas tangas de morsa.
Sobre magmas de ámbar orificios volcánicos
cospen saliva negra contra o lóstrego que ferve
nos tubulares vieiros para o seme letal.

A túa boca violeta ten a melura do leite máis azul:
é como un diplodoco que se amase en silencio
entre millo zafiro e mapoulas de grutas uvulares.
Imos aos portos grises sobre petróleo branco.
O alento lácteo que arremuíñas petrifica o meu líquido

Y LOS ANILLOS EN SORTIJA DE LAS MARERAS CASTREÑAS

El castro fecundado por la lluvia de liquen
brota dulces musgos sobre las piedras circulares
y viejos espectros vidriados de célticos anillos
se concentran sin número por los lechos de la hierba.

Mi amor acervado en esta cueva violeta
enloquece como la sabia por la flor del ombligo de Venus
y la hoja de carne. Rotativas hortensias
perfuman abiertas y dividen el pecho.

Quéfir húmedo y lácteo me liba y me succiona
hasta dejarme dentro. Pero todo da vueltas
y vuelvo mojado por las ondas fluviales
y los anillos en sortija de las mareras castreñas.

EL VIAJE

Hay nombres que acarician como oseira
compartir compostela tiene el encanto
de saberse por siempre secular en la piedra
finisterre nunca es un fin sino principio viento
que lleva a toxosoutos o al pindo la niebla
el mar el valle el monte el lugo antiguo
son como los vinos como las conversaciones
como aquella romería a san andrés de teixido
en migas de pan.

Común viajar es ser en nuestra tierra
donde crece el más allá antes que el maíz.

LA BOCA VIOLETA

Tu boca violeta boreal y venérea
levita por el cosmos inmensamente abierta
manando levemente lava rosa
en la hora horizontal de las cavernas de la carne.

Tu boca violeta es de hierro fundido
tiene el fulgor de la obsidiana en el talle de las amazonas
y la impudicia polar de sus tangas de morsa.
Sobre magmas de ámbar orificios volcánicos
escupen saliva negra contra el relámpago que hierve
en las tubulares sendas para el semen letal.

Tu boca violeta tiene la melosidad de la leche más azul:
es como un diplodoco que se amara en silencio
entre maíz zafiro y amapolas de grutas uvulares.
Vamos a los puertos grises sobre petróleo blanco.
El aliento lácteo que arremolinan petrifica mi líquido

e desata os instintos de nadar ás panteras.

A túa boca violeta de contornos infindos
entreábrese a todo o que sexa de lila.
As montañas de azucre da túa patria pomona
e os lagos de licores de xauxa ou de cucaña
esvaran mainamente por utopías lascivas
mentres morde o roibén e gallonas as vulvas.

A túa boca violeta boreal e venérea
abociña os seus beizos con acenos de gruta
e a trallazos irrompe eruptiva e volcánica.
Amo a lingua de serpe que se enrosca e se estira
como a funda da froita ou a pel da ventosa
que nos leva onde a aurora non preludia arenarias.

Amarei a túa lava sobre todas as cousas
e o bilabial crepúsculo saberá como falo.

DENDE A NADA

Ti ves brotar en min reconfortante
espirais da violeta en castro celta
ou praias caracolas no burato da loia.

Dende agora coñeces toda xénese
o arrebatado de amor á natureza
que concibe estes versos que son vida.
A creación intuída nos teus ollos
ensinoume de min a perspectiva
e viu nacer o poema dende a nada.

A espiral da violeta é flor de pedra
que cultiva Galicia no meu dentro.

CARBALLO DE TABOADA

O vello carballo milenario patriarca de Galicia
mantén coas súas raíces a terra que pisamos:
a súa seiva nutrición presidiu polos séculos
a romaxe a revolta a bailada e o pranto.

O ENIGMA ARBORESCENTE

Prefiro carrabouxos ao cortizo
e as follas lobuladas á compañía do home.
Carballos de Piornedo a Pontevedra
ocultan quizais baixo as raíces
o castro primixenio do enigma de Galicia:

y desata los instintos de nadar a las panteras.

Tu boca violeta de contornos infinitos
se entreabre a todo lo que sea de lila.
Las montañas de azúcar de tu patria pomona
y los lagos de licores de jauja o de cucaña
resbalan mansamente por utopías lascivas
mientras muerde el rubor y gallonas las vulvas.

Tu boca violeta boreal y venérea
abocina tus labios con gestos de gruta
y a latigazos irrumpe eruptiva y volcánica.
Amo la lengua de serpiente que se enrosca y se estira
como funda de fruta o piel de ventosa
que nos lleva adonde la aurora no preludia arenarias.

Amaré tu lava sobre todas las cosas
y el bilabial crepúsculo sabrá como hablo.

DESDE LA NADA

Tú vienes a brotar en mí reconfortante
espirales de violeta en castro celta
o playas caracolas en la cavidad del rumor secreto.

Desde ahora conoces toda génesis
el arrebatado de amor a la naturaleza
que concibe estos versos que son vida.
La creación intuita en tus ojos
me enseñó de mí la perspectiva
y vio nacer el poema desde la nada.

La espiral de la violeta es flor de piedra
que cultiva Galicia en mi dentro.

ROBLE DE TABOADA

El viejo roble milenario patriarca de Galicia
mantiene con sus raíces la tierra que pisamos:
su sabia nutrición presidió por los siglos
la romería la revuelta la bailada y el planto.

EL ENIGMA ARBORESCENTE

Prefiero agallas a la colmena
y las hojas lobuladas a la compañía del hombre.
Robles de Piornedo a Pontevedra
ocultan quizás bajo las raíces
el castro primigenio del enigma de Galicia:

canto lique adorme colgando
das ponlas que temos máis dentro.
(Soamente cos que viven a harmonía
é posible sentir que están connosco).

CARBALLO DE CERRACÍN

Enchido de couselos e de hedras acóllenos
o carballo xigante dos milenios de Lugo.
Á sombra deste monumento á vida libre
medraron e loitaron habitantes de antano
falando verdes verbas en linguas xa perdidas.
A ritual ofrenda do teu ventre ancestral
preñado de necesario azar e de amor tolo
érgueme os brazos como as ponlas das árbores
e síntome grandioso como un aminoácido.

A MÁIS TRISTE DAS TRISTES TRISTE

Chove en Santiago
meu doce amor.
FEDERICO GARCÍA LORCA

Soamente en Compostela se pode estar
onde se estivo. E nela estou sempre que chove
en Santiago meu doce amor contigo.

A CABELEIRA(FRAGMENTOS)

Eu nacín nun país verde fisterra que vagou errante tras
manadas de vacas.

Incerto fillo son das tribos móbiles que só se detiveron
cando se lles acabou o mundo.

Non teño outras raíces que as da espóra nin outra patria
habito que a do vento.

Síntome da estirpe daqueles pobos nómades que nunca
se constituíron en estado.

O noso espírito coñeceu o abismo e o sentido telúrico do
contorno natural.

A nosa historia é a dun pobo que perdeu o norte e se
confundiou cos bois.

Pero eu recuperei o norte no medio do naufraxio fluíndo

cuánto liquen adormece colgando
de las ramas que tenemos más dentro.
(Solamente con los que viven la armonía
es posible sentir que están con nosotros).

ROBLE DE CERRACÍN

Abarrotado de ombligo de Venus y de hiedras nos acoge
el roble gigante de los milenios de Lugo.
A la sombra de este monumento a la vida libre
crecieron y lucharon habitantes de antaño
hablando verdes verbos en lenguas ya perdidas.
La ritual ofrenda de tu vientre ancestral
preñado de necesario azar y de amor loco
me yergue los brazos como las ramas de los árboles
y me siento grandioso como un aminoácido.

LA MÁS TRISTE DE LAS TRISTES TRISTE

Llueve en Santiago
mi dulce amor.
FEDERICO GARCÍA LORCA

Solamente en Compostela se puede estar
donde se estuvo. Y en ella estoy siempre que llueve
en Santiago mi dulce amor contigo.

LA CABELLERA (FRAGMENTOS)

Yo nací en un país verde finisterre que vagó errante tras
manadas de vacas.

Incierto hijo soy de las tribus móviles que sólo se detu-
vieron cuando se les acabó el mundo.

No tengo otras raíces que las de la espóra ni otra patria
habito que la del viento.

Me siento de la estirpe de aquellos pueblos nómadas que
nunca se constituyeron en estado.

Nuestro espíritu conoció el abismo y el sentido telúrico
del contorno natural.

Nuestra historia es la de un pueblo que perdió el norte y
se confundió con los bueyes.

Pero yo recuperé el norte en medio del naufragio fluyendo

sensualmente da cabeleira da lúa.

E a inmensa cabeleira é labirinto no que soamente falo
a quen eu amo.

sensualmente de la cabellera de la luna.

Y la inmensa cabellera es laberinto en el que solamente
hablo a quien yo amo.

POLPA

Sebra que me aghallopasfisterrá
o embigho e os pensónsnatúa mar viva
son busos caramiñasnaserdeira que viro.
Eu fentodentesil das cuxassinto aseso
a paixón pola polpa da túamasán partida.
Apretoarreghalado a doblegha das pernas
e xorde dende a gharghaunhaghavotaantighua
torada nacaluba de asibeche
onde gharsospouso os meusollosselestes
e recorren a sinta os brazos abalados.
A túacabeleirachegha á boca do regho
e as cuxaslumbrighantes que me oprimen
conséntranse en apreta de sighala.
Estamos na fin do mundo entouriñados
terra do esghanaboi mar da langhosta
sebraapetesida que nase dos alghasos.